

PANTS OFF

Punk-Pop con letras irreverentes para xoves lascivos !

PANTS OFF son a nova revelación do PUNK-POP de corte americá pero “*made in Galicia*” con dosis de pop e letras irreverentes e con compoñentes procedentes de A Estrada (Pontevedra) e Lugo.

Ata chegar a este primeiro disco, un EP-CD que leva o título de “**Domingo a las 7**”, a traectoria de Fonso (baixo e voz), Rocky (guitarra e voz), Diego (guitarra e voz) e Varela (batería) como **PANTS OFF** foi rápida e segura desde a súa formación en Setembro de 2006. Unha primeira maqueta no 2007, algún cambio e o paso do trío ao cuarteto cá entrada de Diego, deulle o formato actual.

Miles de persoas xa os viron en directo

A axenda do 2008 estivo completa, máis de 20 concertos en Galicia, tanto en solitario como compartindo esceario con Losthopes, All the Cream (ambos tamén con discos en "Flor y Nata Records"), Deaf Noise, Nao ou Maryland.

En Maio foron portada na edición dixital do xornal "La Voz de Galicia" e o grupo invitado para a presentación do CD colectivo “A Estrada en pé”.

O verán resultou moi axetreado, entre a preparación do CD é algúns concertos por Galicia, terminando o ano coa grabación do seu primeiro disco en solitario. Un CD de 5 cancións repletas de “*humor y sonidos aptos para jóvenes lascivos*” (D. Suárez – La Voz de Galicia).

“Domingo a las 7”, o esperado disco de debut

O 2008 culminase coa edición do seu primeiro **disco** “**Domingo a las 7**”, unha selección condensada dos seus mellores "trallazos" de pop-punk. Un disco intenso e traballado ata o último detalle, no que as primeiras escoitas xa che enganchan a “**Salir de aquí**” (primeiro single), “**Nadie más**”, “**Fashion Victim**” ou incluso a *tenra* “**Y yo**”.

www.florynatarecords.com
promo@florynatarecords.com



www.myspace.com/pantsoffband
pantsoff_band@hotmail.com

PVP (aconsellado): 5 € - FyN-37 – distribue: www.discmedi.com – 8435015510565